



ALCALDÍA

Expediente 38/142

EDITO

O Pleno desta Corporación Municipal, en sesión extraordinaria do día 21 de novembro do 2016, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que deberá rexer durante o exercicio económico de 2017 e no cal se integran os seguintes:

- Orzamento do Concello de Vigo
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal Urbanismo

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o devandito expediente exporase ao público nos servizos da Intervención Xeral e Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción do presente Edito no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a devandita aprobación inicial, poderán os interesados interpor reclamacións ante o Excmo. Concello Pleno, durante o transcurso da referida exposición, de acordo cos supostos taxados no artigo 170 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD 2/2004. No suposto de non presentarse reclamacións durante dito prazo, considerarase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que rexerán para o ano 2017.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica
O ALCALDE-PRESIDENTE

Abel R. Caballero Alvarez

